

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PARLAMENTO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 23 de xullo de 2015 pola que se anuncia a licitación da contratación administrativa para a prestación do servizo de prevención alleo.*

En cumprimento do disposto no artigo 142 do texto refundido da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, publícase o anuncio de licitación da contratación administrativa para a prestación do servizo de prevención alleo do Parlamento de Galicia.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Parlamento de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.

c) Obtención de documentación e información.

1º. Dependencia: Parlamento de Galicia (dispoñible no BOPG núm. 498, do 23 de xullo de 2015 e na páxina [www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)).

2º. Enderezo: r/ Hórreo, 63.

3º. Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15701.

4º. Teléfono: 981 55 13 00.

5º. Telefax: 981 55 14 09.

6º. Correo electrónico: [contratacion@parlamentodegalicia.gal](mailto:contratacion@parlamentodegalicia.gal)

7º. Enderezo da internet do perfil de contratante: [www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

8º. Data límite de obtención de documentación e información: 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

d) Número de expediente: DRRHH-PA-2/2015.



2. Obxecto do contrato.

a) Tipo: servizos.

b) Descrición: prestación do servizo de prevención alleo.

c) División por lotes e número de lotes: non.

d) Lugar de execución:

1º. Enderezo: r/ Hórreo, 63.

2º. Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

e) Prazo de execución: dous anos desde a formalización do contrato.

f) Admisión de prórroga: ata un máximo de dous anos máis.

g) CPV (referencia de nomenclatura): 85140000-2.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Criterios de adxudicación: criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas: de 0 a 52 puntos; criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: de 0 a 48 puntos.

4. Valor estimado do contrato: 528.069,48 € (sen IVE).

5. Orzamento base de licitación.

a) Importe neto: 125.819,02 €. Importe total: 152.241,01 €.

6. Garantías.

a) Provisional: non se exige.



b) Definitiva: 5 % do prezo de adxudicación.

c) Complementaria: no caso de que o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa conforme os criterios de valoración, estando en baixa anormal ou desproporcionada, xustifique debidamente o importe ofertado, terá que constituír unha garantía por importe do 5 % do prezo de adxudicación, IVE excluído.

7. Requisitos específicos do contratista.

Os dispostos nas cláusulas quinta, sexta e sétima do prego de cláusulas administrativas e nas correspondentes do prego de prescricións técnicas.

8. Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG. Se o último día da presentación fose festivo, ampliarase o prazo ata o día hábil seguinte.

b) Lugar de presentación:

1º. Dependencia: Rexistro do Parlamento de Galicia.

2º. Enderezo: r/ Hórreo, 63.

3º. Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15701.

4º. Enderezo electrónico: [contratacion@parlamentodegalicia.gal](mailto:contratacion@parlamentodegalicia.gal)

c) Admisión de variantes: non se admiten.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres meses desde a terminación do prazo de presentación de ofertas.

9. Apertura das ofertas.

a) Descrición: dúas sesións públicas, para sobres B e sobres C.

b) Enderezo: r/ Hórreo, 63.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15701.



d) Data e hora: no día e hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e que se publicará na páxina web do Parlamento de Galicia.

10. Gastos de publicidade: inserción do anuncio en DOG, por conta do adxudicatario.

11. Outras informacións: nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas publicados no BOPG número 498, do 23 de xullo de 2015, e na páxina [www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal).

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2015

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta do Parlamento de Galicia

